



## O INSTITUTO DE ESTUDIOS CHAIREGOS ORGANIZA OS **II SÁBADOS DE TEATRO** **AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

OUTUBRO E NOVEMBRO-2017



O Instituto de Estudios Chairegos, continuando co desenrolo das actividades programadas para o presente ano 2017, organiza os **II SÁBADOS DE TEATRO**. Durante tres sábados do mes de outubro e un venres do de novembro, poñeranse en escea outras tantas obras a cargo de catro grupos teatrais distintos. Para esta actividade, o Iescha conta coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, acolléndose ao seu proxecto global de teatro Buxiganga'2017 (nas dúas primeiras actuacións).

O programa completo, como se pode comprobar no cartaz xeral adxunto, consta das seguintes representacións e grupos:

**-SÁBADO, 14 DE OUTUBRO, ÁS 20,00 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL**

O grupo **DEBULLA ESCÉNICA** porá en escea a obra **PERVERSÓNS**.

**-SÁBADO, 21 DE OUTUBRO, ÁS 20,00 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL**

O grupo **NOSTRUM CAI** porá en escea a obra **ALBA. A CASA PECHADA**.

**-SÁBADO, 28 DE OUTUBRO, ÁS 20,00 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL**

O grupo **FANTOCHES BAJ** porá en escea a obra **AS POMBAS DO CARBOEIRO**, coa participación da **Banda de Música de Vilalba**.

**-VENRES, 3 DE NOVEMBRO, ÁS 20,00 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL**

O grupo **ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DE VILALBA** porá en escea a obra **VODAS DE SANGUE**  
**A entrada a todas as funcións será libre e gratuíta.**

### 1ª FUNCIÓN

**SÁBADO, 14 DE OUTUBRO DE 2017, ÁS 20:00 h., NO AUDITORIO DE VILALBA**  
**PERVERSÓNS, Debulla Escénika**

Duración aproximada: 65 minutos. O argumento, explicado polo propio grupo, di así:

Érase unha vez o ser humán, que non se atopaba nin a si mesmo nin aos demais. Tropezaba cos outros, infectado pola tiranía do seu ego nun mundo traumatado de cal uniformada. Esa doenza da alma, case tan antiga como a mesma especie, converteu aos humanos en individuos controlados e manipulados, en depredadores na procura do poder e da satisfacción dos intereses persoais alimentados pola proveitosa incultura.

Unha obra para un público adulto, escrita e dirixida por Iria Acevedo, integrante da compañía. Con Con Iria Acevedo, Olaia Otero, Guillermo Cancelo, Alberto Iglesias, Javier Loureiro e Francis Expósito.

